

IDEAS
PARA UNA HOMILÍA CON NENOS
17 OUTUBRO 2021

A Igrexa non é podio para vencer senón escaleira para rescatar e servir

1. VER: Podio ou escaleira?

- Fano no debuxo deste domingo preséntanos dúas formas de vivir: buscando o podio ou poñendo escaleiras. Buscan conseguir o nº 1 no podio os deportistas. Vivimos nunha época na que se nos insiste en competir, triunfar e pouco en servir.

*Cando buscaches subir ao podio?
Cando buscaches axudar, servir?*

2. XULGAR: A Igrexa non é podio senón escaleira.

- No evanxeo, Xesús di aos apóstolos que querían acaparar os primeiros postos: ***“o que queira ser grande, sexa o voso servidor”***.
- E recórdalles que el veu non a ser servido senón a ***“servir e dar a vida”***.

QUE NOS QUERE DICIR?

- A todos nos gusta ser os primeiros, os máis ricos, ter moitas cousas, ser famosos e que nos aplaudan. Iso pasoulle xa a Xoán e a Santiago que buscaban os primeiros postos.

- Xesús di que el non veu para ter palacios, a mandar nin a que o sirvan. El veu servir, a axudar e querer a todos, a rescatar, a dar, incluso a vida. Iso é o que teremos que facer os seus amigos hoxe, tamén a Igrexa que formamos todos.
- Servir é poñernos a disposición do outro, axudalo, pensar máis nos outros e menos en min, na familia, no colexio, cos amigos, no traballo...
- Fano recórdanos que **somos escaleira para rescatar e servir, cada chanzo conta do primeiro ao último**. É que todos os pequenos servizos son importantes. É unha chamada a nós e á Igrexa a servir, a colaborar, a cambiar o mundo **coas nosas mans**, coas pequenas cousas de cada día, poñendo escaleiras non buscando podios. Esa é a variña máxica.

Que nos ensina este evanxeo? Que che di Xesús a ti?

3. ACTUAR: Nunca “fóra de servizo”

- Dialogade se estades de “fóra de servizo” ou “en servizo permanente”.
- Pensamos que pequenos servizos podemos ofrecer ao noso redor.
- Envía unha mensaxe a persoas que te están servindo, agradécelles o que fan por ti...

Que imos facer?

LECTURAS

ISAÍAS 53, 10-11: *Ao entregar a súa vida como expiación, verá a súa descendencia, prolongará os seus anos.*

O Señor quixo trituralo co sufrimento, e entregar a súa vida como expiación: verá a súa descendencia, prolongará os seus anos, o que o Señor quere prosperará pola súa man.

Polos traballos da súa alma verá a luz, o xusto saciarase de coñecemento. O meu servo xustificará a moitos, porque cargou cos crimes deles.

Palabra do Señor

SALMO 32

R/. Que a túa misericordia, Señor, veña sobre nós, como o esperamos de ti.

HEBREOS 4,14-16: *Acheguémonos con seguridade ao trono da graza.*

MARCOS 10, 35-45 (forma longa): O Fillo do home ver para dar a súa vida en rescate por moitos.

Narrador: Naquel tempo, achegáronse a Xesús os fillos de Zebedeo, Santiago e Xoán, e dixéronlle:

Santiago: -«*Mestre, queremos que nos fagas o que che imos pedir*».

Narrador: Preguntoulles:

Xesús: -«*Que queredes que faga por vós?*».

Narrador: Contestáronlle:

Xoán: -«***Concédenos sentarnos na túa gloria un á túa dereita e outro á túa esquerda***».

Narrador: Xesús replicou:

Xesús: -«*Non sabedes o que pedides, podedes beber o cáliz que eu hei de beber, ou bautizarvos co bautismo con que eu me vou bautizar?*».

Narrador: Contestáronlle:

Xoán: «*Podemos*».

Narrador: Xesús díxolles:

Xesús: -«*O cáliz que eu vou beber beberédelo, e seredes bautizados co bautismo con que eu me vou bautizar, pero o sentarse á miña dereita ou á miña esquerda non me toca a min concedelo, senón que é para quen está reservado*».

Narrador: Os outros dez, ao oír aquilo, indignáronse contra Santiago e Xoán. Xesús, chamándoos, díxolles:

Xesús: -«*Sabedes que os que son recoñecidos como xefes dos pobos tiranízanos, e que os grandes oprímenos. Non será así entre vós: **o que queira ser grande entre vós, que sexa o voso servidor**; e o que queira ser primeiro, sexa escravo de todos. Porque o Fillo do home **non veu a ser servido, senón a servir e dar a súa vida en rescate por moitos***».

Palabra do Señor.

(Narrador- Santiago – Xesús - Xoán)